



A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental dependente do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente notificou a apertura do periodo de consultas do estudo de impacto ambiental do proxecto “*Parque Eólico a Pobra de 52 MW, Líneas A 30 KV, Subestación Eléctrica 30/220 KV y línea Eléctrica a 220 KV para Evacuación TT.MM. Mesía, Cesuras y Abegondo (A Coruña)*”, cuxo promotor é Green Capital Power, SL., e o documento inicial, segundo o establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

Ruta para acceder ao documento inicial do plan:

- 1.- Páxina web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente:
<http://www.mapama.gob.es/es>
- 2.- Nas áreas de Actividade elixa Calidade e Avaliación Ambiental.
- 3.- En Temas seleccione Avaliación Ambiental e a continuación pulse en “Consulta de Plans ou Proxectos”.
- 4.- Abrirase unha ventana de Avaliacións Ambientais na que hai que buscar polo título do proxecto e dar a buscar.
- 5.- Unha vez localizado o proxecto, sinale o círculo branco que está a esquerda do código do plan ou proxecto (marcarase cun punto negro), e pinche na pestana de Máis información.
- 6.- Na nova ventana, hai que picar na pestana Documentación aportada para poder ver a documentación inicial, e a de Avaliación Ambiental para ver a lista de consultados.
- 7.- Para ver os documentos debe abrílos ou gardalos no seu equipo.

O prazo de remate do periodo de consultas é o 29 de maio de 2018.